



TURISMO
DE
GALICIA

Xacobeo  2027

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE
Xuño 2026



Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xuño de 2026**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2025 e anteriores.

O INE estima que neste mes de xuño abriron de media en Galicia uns 5.600 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron algo máis de 136 mil prazas – cifra que supera nun 2,3% o dato do mesmo período do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta increméntase en catro delas, con intensidade variable –un 19% nos apartamentos turísticos, un 5% nas pensións e un 2% nos cámpings e albergues-, mantense estable nos hoteles e descende unicamente en turismo rural –un 3% neste caso-.

XUÑO 2026


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 26/25	Nº	Var. 26/25	Nº	Var. 26/25	%	Var. 26/25
HOTEIS	443.033	2,3%	830.834	2,1%	1,88	-0,2%	52,30%	1,54
PENSIÓNS	151.249	3,0%	215.117	7,0%	1,42	3,9%	38,57%	0,68
ESTAB. HOTELEIROS	594.282	2,4%	1.045.950	3,0%	1,76	-3,0%	48,73%	1,18
APTOS. TURÍSTICOS	36.965	14,5%	95.756	6,3%	2,59	-7,1%	27,00%	-3,20
CÁMPINGS	54.343	-1,7%	195.633	23,8%	3,60	26,0%	28,42%	1,04
TURISMO RURAL	25.850	11,6%	41.906	9,1%	1,62	-2,2%	27,33%	3,03
ALBERGUES	132.844	-4,0%	139.893	-4,4%	1,05	-0,4%	36,94%	-2,60
ESTAB. EXTRAHOTEL.	250.003	0,4%	473.187	9,3%	1,89	8,9%	-	-
TOTAL	844.285	1,8%	1.519.137	4,9%	1,80	3,0%	-	-

- O segmento do aloxamento turístico de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues- presenta agora en xuño un comportamento positivo. En particular, increméntase o volume de noites en relación ao pasado ano –un 4,9%– como consecuencia da confluencia de dous factores: crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados –do 2%– nun contexto de mellora da estadía media –sobe un 3% neste caso-.
- Neste contexto Galicia rexistra algo máis de 1,5 millóns de pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo no mes de xuño, cifra superior non só á do

pasado ano senón a toda a serie anterior a 2025. Supera tamén, en consecuencia, os valores previos á pandemia, consolidándose así como máximo da serie histórica deste sexto mes.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Xuño 2016-26




- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia –o primeiro estado de alarma declarouse en marzo dese ano-. Rexistrárase unha perda de máis do 80%, tanto do número de viaxeiros como de noites –polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera parcialmente en 2021 e totalmente en 2022 e anos posteriores –acadando o máximo da serie histórica agora en 2026 con máis de 1,5 millóns de noites por vez primeira neste sexto mes-.
- Neste punto cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións anteriores a 2021 non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde ese ano, as cifras dos albergues –que supoñen un incremento adicional de 140 mil noites-. En ausencia de albergues a evolución sería similar, superando por segunda vez consecutiva na serie histórica os 1,3 millóns de pernoctacións neste sexto mes do ano.
- Neste mes Galicia colócase como o sétimo destino máis importante do Estado – mellora o posto de meses anteriores-, representando o 2,8% do total estatal – a porcentaxe máis alta dos últimos meses-. Baleares é agora en xuño o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con máis de 11,1 millóns de pernoctacións –o 20,8% do total-. Lidera por segunda vez consecutiva nos últimos nove meses o ranking estatal, substituíndo a Canarias que encabezou a lista de destinos españois desde outubro do pasado ano ata o mes de maio.
- Logo de Baleares sitúanse a continuación Cataluña –con máis de 10,4 millóns de noites-, Andalucía –con máis de 8,1 millóns de noites-, Canarias –con 7,7 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 5,4 millóns de noites- e Madrid –con case 3,0 millóns



neste caso-. Estas seis comunidades agrupan neste mes ao 85% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo grupo sitúase Galicia -con 1,5 millóns de noites- por diante dos restantes destinos do Estado.

- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das comunidades autónomas. Unha parte delas -cinco en particular- superan os niveis de demanda do pasado ano, grupo no que se inclúen parte das localizadas na España Verde, xunto con Extremadura. Sobe así o número de noites un 6% en Asturias, un 5% en Galicia, un 3% en Extremadura e Cantabria, e un 2% en Andalucía.
- Tres destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os nove restantes -maioría neste caso- amosan caída do número de noites -con maior intensidade en A Ríoxa, onde descende a demanda un 13% en relación ao pasado ano-.
- Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades de comportamento positivo, coa segunda taxa de crecemento máis alta do conxunto do Estado.
- No conxunto de España o nivel de demanda descende un 1,4%. En consecuencia, o comportamento de Galicia mellora en seis puntos a media do conxunto do Estado.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Practicamente todas as comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en xuño do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Por destacar os extremos observamos dunha banda Andalucía -que presenta o maior incremento de cuota de mercado mellorando xustamente en medio punto porcentual a cifra do pasado ano- e, doutra banda, Cataluña -que perde algo máis de medio punto de representatividade neste caso-.
- O comportamento da demanda permite neste caso a todos os destinos situarse por encima das cifras previas á pandemia -con maior distancia Cantabria e Galicia pois superan en máis dun 30% os valores de hai sete anos-. Marca a excepción Murcia, único destino que se sitúa por debaixo dos niveis previos á crise -cunha porcentaxe de recuperación do 95% en todo caso-.
- Neste mes o 69% da demanda corresponde ao segmento hoteleiro -cun 55% para os hoteis e 14% para as pensións- mentres que o 31% restante fica no aloxamento extrahoteleiro, cun maior peso para os cámpings -por vez primeira desde o verán pasado, co 13% do total, substituindo aos albergues que lideraron este segmento na temporada media e aos apartamentos turísticos que o fixeron na temporada baixa- fronte ás restantes tres tipoloxías -cun 9% para os albergues, un 6% para os apartamentos turísticos e un 3% para o segmento de turismo rural-.
- Esta estrutura diferénciase parcialmente da rexistrada nos cinco primeiros meses do ano e aseméllase a un período de temporada media-alta, cun peso aínda importante do segmento hoteleiro e protagonismo crecente para o ámbito non hoteleiro, no que destacan singularmente os cámpings e albergues.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Xuño 2026



- Obsérvase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel das diferentes tipoloxías de aloxamento. Así en xuño practicamente todas as modalidades conseguen superar o número de noites do pasado ano, con notable intensidade os cámpings -rexistra un crecemento medio do 24%- e de forma máis suave os hoteis -cunha suba do 2% neste caso-.
- Engádense a esta dinámica positiva as pensións e apartamentos turísticos -ambos cun incremento do 7%- e os aloxamentos de turismo rural -superan nun 9% o dato do pasado ano-. Marcan a excepción este mes os albergues pois rexistran unha caída da demanda do 4% en relación ao pasado ano.
- O comportamento da demanda -número de noites- vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en todas as tipoloxías salvo no caso dos cámpings -neste caso crece o número de pernoctacións pola notable mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 2%-.
- Neste contexto cabe sinalar o comportamento observado nos cámpings pois consolida agora en xuño unha tendencia de crecementos consecutivos en case todos os meses de 2025 e en cinco dos seis de 2026 -só se aprecia neste ano unha caída puntual en febreiro-, a taxas ademais importantes que superaban en intensidade as variacións observadas nas restantes tipoloxías.
- Esta dinámica mantén os niveis de demanda de todas as tipoloxías por encima dos valores anteriores á pandemia -con maior distancia os cámpings e en valores máis próximos os aloxamentos de turismo rural-. Estes últimos conseguen por vez primeira en moitos meses superar o número de noites previo á crise.
- O comportamento da demanda nos hoteis vén como consecuencia de contrapoñer variacións dispares nas diferentes categorías, tanto en dirección como en intensidade. Así neste mes crece o número de noites nun só segmento, nos hoteis

de dúas estrelas -cunha suba do 16%- . A demanda mantense estable nos hoteis de tres estrelas e descende puntualmente nos segmentos alto -hoteis de catro e cinco estrelas, un 1,3%- e baixo -hoteis dunha estrela, un 3,3% neste caso-.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticos. Xuño 2026/25, por tipoloxías



- No ámbito das pensións o comportamento ten un carácter algo variable apreciándose neste caso estabilidade da demanda naquelas de tres e dúas estrelas e crecemento nas de unha estrela -do 16% neste caso-.
- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza positiva de algo máis de 71 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que se concentra principalmente nos establecementos hoteleiros e nos cámpings -con máis de 30 mil novas pernoctacións cada un deles en relación ao mes de xuño de 2025-.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Neste mes só un destino -Cataluña neste caso- conseguen homoxeneidade completa nas variacións da demanda no sentido de que presentan descenso do número de noites en todas as modalidades de aloxamento. En consecuencia, practicamente todas as comunidades rexistran dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no aloxamento de turismo rural -neste segmento nove comunidades autónomas amosan resultados positivos- fronte ás restantes tipoloxías. Asturias é o destino de maior crecemento da demanda. No lado contrario oito amosan caídas de diversa intensidade.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase tamén un comportamento positivo importante, con oito destinos superando as cifras do pasado ano -lidera en




intensidade Estremadura, por diante de Navarra e Aragón-. Dous destinos mantéñense en cifras parellas mentres que as restantes sete comunidades amosan caídas do número de noites -con maior intensidade en Murcia-.

- No ámbito dos cámpings é Canarias a comunidade que lidera o crecemento da demanda a nivel estatal por diante de Galicia e Cantabria. Neste caso son sete os destinos de comportamento positivo, un o que manteñen estable o nivel de demanda -Estremadura neste caso- e a maioría deles -nove en total- con dinámica negativa -Murcia rexistra a caída máis notoria neste caso-.
- No segmento hoteleiro a situación é tamén variable sendo maioría as comunidades de comportamento negativo. Así só catro destinos sitúanse por encima dos niveis de demanda de 2025, con Asturias e Galicia á cabeza en intensidade. Dous destinos mantéñense en cifras parellas mentres que a maioría -once en total- amosan caídas de diversa intensidade -neste punto son Castela A Mancha e A Ríoxa os destinos con peor comportamento a nivel estatal-.
- Presenta tamén comportamento variable pero con maioría negativa a nivel territorial o segmento dos albergues pois neste caso son tres as comunidades de dinámica positiva -A Ríoxa rexistra o incremento de maior intensidade-. Once destinos, en cambio, amosan caídas da demanda. Por ausencia de datos non se poden estimar variacións interanuais para tres comunidades autónomas neste caso.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo no segmento hoteleiro e dos cámpings -en ambos é a segunda comunidade autónoma con maior crecemento en termos relativos-, e peor comportamento relativo nos apartamentos turísticos -a pesar do crecemento sitúase nunha posición media no ranking estatal-.
- En termos de volume Galicia ocupa posicións variables nas diferentes modalidades de aloxamento. Ocupa mellor posto no ranking estatal do segmento dos albergues -é a comunidade con maior volume de noites nesta tipoloxía, por segundo mes consecutivo- mais descende á posición número cinco no ámbito dos cámpings, número sete no segmento hoteleiro, número oito nos apartamentos turísticos e sitúase en lugares inferiores -posto número 10- no segmento de turismo rural.
- Neste mes, o 67% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 25% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, segmento maioritario que representa o 41%-. O mercado internacional absorbe a porcentaxe restante, o 33% do total da demanda neste caso -porcentaxe importante e superior por terceira vez consecutiva á do interno-.
- Esta estrutura cambia en relación á observada nos últimos meses -na temporada media, en maio por exemplo, o peso do turismo estranxeiro supera o 40% mais na temporada baixa fica por debaixo do 25%-.
- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional sitúase no 58% -seis de cada dez-, cun 19% para o interno e 39%

para o que procede do resto do Estado, ficando a maioría -o 42%- para o estranxeiro.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Xuño 2026




- A nivel de mercados obsérvase un comportamento variable neste mes. Así en xuño increméntase o turismo de ámbito nacional, nun 16% o interno -dos residentes en Galicia- e nun 4% o receptor nacional -españóis que proceden doutras comunidades autónomas-. Descende, en cambio, o internacional -un 1,2% neste caso-. A variación deste último é de baixa intensidade, e mesmo se pode falar de relativa estabilidade en termos interanuais.
- O crecemento da demanda interna -un 16% o número de noites- eleva o volume final a algo máis de 383 mil pernoctacións, cifra que desde unha perspectiva de longo prazo supón un máximo da serie histórica. É a primeira vez que o nivel de demanda dos residentes en Galicia supera as 330 mil pernoctacións neste sexto mes do ano. No curto prazo este incremento supón o cuarto consecutivo neste ano, logo dos pequenos axustes rexistrados en xaneiro e febreiro.
- Sobe tamén o turismo receptor nacional -nun 4% o número de noites-, colocando o volume final en algo máis de 627 mil -cifra que tamén neste caso supón un máximo da serie histórica do mes de xuño.
- O turismo internacional presenta en cambio unha dinámica negativa mais o descenso é de tan baixa intensidade que en realidade pode falase de certa estabilidade no longo prazo. Con preto de 509 mil pernoctacións o segmento dos estranxeiros marca agora en 2026 a segunda cifra máis elevada da serie histórica. Mantense por segundo ano consecutivo por encima do medio millón de noites neste sexto mes.



- Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados nos tres segmentos de mercado, con axustes da estadía media que diminúen a intensidade positiva no caso do interno e receptor nacional.
- A diferenza de dirección e intensidade na variación da demanda leva a que haxa cambios na estrutura da mesma. Neste sentido, mellora o peso do turismo interno - en algo máis de dous puntos porcentuais- mais cae a cuota do mercado receptor -en medio punto aquel de orixe nacional e en dous puntos o internacional-.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en case todas as tipoloxías consideradas, en porcentaxes que fican levemente por encima do 55% no segmento de turismo rural, por encima do 60% nas pensións, preto do 70% nos hoteis e nos apartamentos turísticos e por encima do 80% nos cámpings. Marcan a excepción neste mes os albergues que por terceira vez consecutiva nos últimos oito meses presentan maior volume e peso do mercado internacional -supón o 54,4% das noites- fronte ao nacional.
- Acontece isto por terceira vez consecutiva desde outubro do pasado ano, e ao contrario do que se viña observando nos cinco meses anteriores nos que se apreciaba maior presenza do turismo nacional fronte ao internacional en todas as modalidades, tamén nos albergues -igual que no verán, por exemplo-. En realidade os albergues presentan habitualmente un perfil da demanda diferentes ás restantes tipoloxías, con maior peso do internacional -esta característica tamén se aprecia puntualmente noutras modalidades, por exemplo, en maio nas pensións-.

Fig. 5. Distribución da demanda por procedencia e tipo do aloxamento. Xuño 2026




- O reparto do peso do turismo nacional e internacional nas diferentes tipoloxías esconde diferenzas a nivel interno. En realidade, tendo en conta os tres grandes

segmentos obsérvase que só en dúas modalidades o segmento de maior volume e peso é o receptor nacional -así acontece no ámbito hoteleiro e nos apartamentos turísticos-. Nos cámpings o segmento de maior volume e peso é o turismo interno -supón o 67% do total das pernoctacións, dúas de cada tres- mentres que en turismo rural e nos albergues destaca o turismo internacional -supón o 43% das noites no primeiro, fronte ao 36% do receptor nacional ou 21% do interno, e o 54% neste último-.

- En síntese o turismo internacional supón menos do 20% das noites nos cámpings, algo máis do 30% no ámbito hoteleiro e nos apartamentos turísticos, o 43% en turismo rural e o 54% nos albergues. Nesta última tipoloxía, se contamos co receptor nacional que absorbe tamén unha cuota importante -o 39% do total- da como resultado que o turismo receptor supón o 94% do total das noites. O mercado interno absorbe tan só o 6% das pernoctacións.
- O turismo interno é o segmento de menor peso en todas as modalidades agás nos cámpings. Tal circunstancia é pouco habitual e acontece unicamente en meses puntuais da temporada media e alta.
- A nivel de tipoloxía e mercados apréciase neste mes un comportamento variable tanto na dirección como na intensidade. Os tres segmentos de mercado presentan dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxías de aloxamento, sendo maioría as que rexistran crecemento en termos interanuais.
- O turismo receptor nacional é o que presenta peor comportamento por canto crece en tan só tres modalidades de aloxamento -un 6% no ámbito hoteleiro un 29% nos apartamentos turísticos e un 3% no segmento de turismo rural-. Descende, en cambio, nos cámpings -un 16%- e nos albergues -un 11% neste caso-.


Fig. 6. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Xuño 2026/25





- O mercado interno presenta en cambio mellor comportamento pois consegue resultados positivos en todas as modalidades de aloxamento agás nos apartamentos turísticos -onde rexistra unha caída global do 29%-. Os crecementos son de intensidade variable e van do 4% en turismo rural ou o 6% no ámbito hoteleiro, ao 16% nos albergues e a case o 60% nos cámpings.
- O mercado internacional amosa en cambio un perfil máis variable. Crece en dúas modalidades -un 18% nos apartamentos turísticos e no segmento de turismo rural-, mantense estable no ámbito hoteleiro e nos albergues, e descende unicamente nos cámpings -un 15% neste caso-.
- Desta maneira só unha tipoloxía -o segmento de turismo rural- presenta un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado -con crecementos globais-. Todas as restantes modalidades amosan variacións de signo positivo e negativo en función do mercado de referencia.
- Con esta dinámica a estrutura dos mercados cambia en cada tipoloxía de aloxamento. Así o turismo interno gaña peso de forma notable nos cámpings -en 15 puntos porcentuais- e con menor intensidade nos albergues, manténdose estable no ámbito hoteleiro e perdendo cuota no segmento de turismo rural e sobre todo nos apartamentos turísticos -en once puntos neste caso-. O receptor nacional gaña peso no ámbito hoteleiro e nos apartamentos turísticos -en oito puntos neste último- mais perde cuota nas restantes tres modalidades -con maior intensidade nos cámpings-. O internacional, en cambio, gaña peso nos apartamentos turísticos, no segmento de turismo rural e nos albergues, e perde cuota significativamente nos cámpings -en oito puntos neste caso- e no segmento hoteleiro.

Fig. 7. Estadía media nos establecementos turísticos. Xuño 2026




- A estadía media global sitúase en 1,8 noites, cifra que en termos globais supera nun 3% o dato do mesmo período do pasado ano. Fica, en cambio, por debaixo do valor previo á pandemia -circunstancia que neste mes vese parcialmente afectada pola



presenza dos albergues no cómputo global, tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, tirando cara abaixo o dato global-.

- Con esta suba pouco significativa a estadía media de xuño de 2026 sitúase en realidade en valores parellos aos dos últimos catro anos -mantense no contorno de 1,8 noites desde 2022- mais por debaixo de toda a serie anterior á pandemia.
- Os cámpings rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 3,6 noites de media-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican ben por encima das dúas noites -caso dos apartamentos turísticos, con 2,6 noites de media- ou ben por debaixo desa cifra -con 1,9 noites os hoteis, 1,6 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,4 noites as pensións e preto de 1,1 noites os albergues-.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en dúas modalidades de aloxamento: nos cámpings -de forma significativa, en algo máis dun 25%- e nas pensións -un 4% neste caso-. A estadía media mantense relativamente estable nos hoteis e nos albergues, e cae nos aloxamentos de turismo rural -un 2%- e nos apartamentos turísticos -un 7% neste caso-.
- Neste mes Galicia sitúase nunha posición baixa no que atinxe ao valor da estadía media -rexistra en realidade a cifra máis baixa de todo o Estado, circunstancia similar ao observado en meses anteriores, compartida neste caso con Castela e León-. Canarias, con 6,3 noites, marca o valor máis elevado -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia Baleares -con 4,8 noites de media- e a C. Valenciana -con 3,8 noites neste caso-.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en seis comunidades autónomas -lidera este ranking Cantabria cunha suba do contorno do 6%-, mantense estable en dúas e descende nos restantes nove destinos -rexistrando A Ríoxa a caída máis notable, do 7% neste caso-.

Fig. 8. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticas. Xuño 2026





- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente ao rexistrado do lado da demanda. Neste sentido só tres tipoloxías melloran o dato do pasado ano como consecuencia da evolución positiva do número de noites. Sobe así a ocupación nun punto porcentual nos hoteis e nos cámpings, e en tres puntos nos aloxamentos de turismo rural.
- A ocupación mantense relativamente estable nas pensións -cunha variación inferior ao punto porcentual, como consecuencia de variacións parellas da oferta e da demanda- e descende nos apartamentos turísticos -por un incremento da oferta superior en intensidade á suba da demanda- e nos albergues -por unha caída do número de noites-. En ambos casos os descensos roldan os tres puntos porcentuais.
- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 52,3% de media neste mes.
- As restantes tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior e variable, superando o 35% nos albergues e nas pensións -esta última cun 38,6%-, e situándose por debaixo do 30% nos apartamentos turísticos, nos cámpings e nos aloxamentos de turismo rural. Neste mes a porcentaxe máis baixa localízase nos apartamentos turísticos, cun 27% de media.
- En termos de emprego obsérvase neste mes un incremento do 3,3% no número de empregados no aloxamento colectivo, colocando desta maneira o volume final en máximos da serie histórica con 11.400 traballadores. Tres de cada catro empregados corresponden ao segmento hoteleiro, ficando a cuarta parte restante repartida entre as diferentes modalidades non hoteleiras.
- O volume de emprego crece en tres tipoloxías -en máis dun 20% nos apartamentos turísticos e nos albergues, e nun 7% no segmento de turismo rural-, mantense relativamente estable no ámbito hoteleiro e descende unicamente nos cámpings -un 5% neste caso-.